

DESEÑO PARA VIVIR

MATERIAL, PROCESO E OBXECTOS COTIÁNS

CASA RIA

DESEÑO PARA VIVIR

Nun momento de cambio, debemos reflexionar sobre para que serve o deseño. Cada vez que facemos algo, tomamos decisións de deseño: decisións baseadas na adecuación, na durabilidade, na técnica, no propósito e mesmo na beleza. O deseño non é un fin en si mesmo, é un medio para servirnos, para mellorar as nosas vidas. Para que o deseño sexa relevante, debe celebrar non só o uso, senón tamén o propósito e a idea que o sustentan. O deseño debe ter en conta tamén a maneira na que se fai, así como a súa presenza física e visual.

Na sociedade contemporánea o deseño foi asumido non só para facer as cousas mellores, senón tamén para facelas máis desexables. A medida que o concepto de deseño se integrou nas dinámicas de consumo perdeu parte da súa inocencia, do seu propósito e da súa integridade. Ao converterse nun marcador de exclusividade, a palabra “deseño” foi despoxada de boa parte do seu significado. O crecente desexo de produtos de consumo nun mercado cada vez máis agresivo fixo que o termo “deseñador” se convertese nunha ferramenta de mercadotecnia destinada a outorgarlles aos produtos unha distinción comercial.

A crecente crise ambiental puxo de manifesto a irresponsabilidade coa que utilizamos os nosos recursos, así como o modo en que o dominio do mercado global está a socavar técnicas de produción intelixentes e vernáculos. Como resultado, somos cada vez máis conscientes de como e onde se fan as cousas e de quen as fai, non só o seu aspecto.

Neste contexto, cal debería ser o papel do deseño? Como inflúe a crecente preocupación por manter as tradicións propias, empregar materiais locais e considerar as consecuencias das técnicas industriais na maneira en que deseñamos, fabricamos e distribuimos os produtos? Que é o deseño para Galicia?

«Deseño para vivir» presenta unha selección de proxectos desenvolvidos polo noso estudio, David Chipperfield Design, ao longo dos últimos 35 anos. A exposición reflexiona sobre como o noso traballo se apoiou non só en precedentes e técnicas, senón tamén en referencias culturais e materiais. A medida que o estudio foi adoptando unha perspectiva cada vez máis territorial, a exposición considera tamén como o deseño pode reforzar identidades e valores locais, e contribuír a unha aproximación máis arraigada e responsable á produción.

Comisariado
Fundación RIA
David Chipperfield
Design

Comisariado da sección
Deseño en Galicia
Marcos Dopico
Cibrán Rico
Susó Vázquez

Deseño gráfico e vídeo
Fundación RIA

Apoio
Agape
Alessi
David Chipperfield
Architects
FSB
iGuzzini
Kasthall
Viabizzuno
Wästberg
Zumtobel

Colaboración
A Cantina
Altavela
ANABAM
D-due
desescribir
Estar,
Giulio Iacchetti
Jasper Morrison
Sargadelos
Manuel Aldao
María América Díaz
Os Casares
Paula Ojea
Pal.lium
Xabier Iglesias

Agradecementos
Cecilia Díaz Betz
Fundaciones Rey
John Morgan Studio
Picusa
Salva López
Sofía Blanco
Sograni

Produción
Agencia Gráfica
Axeitos
Carpintería de Moreira
Galanas

A medida que reconsideramos os efectos da globalización sobre o noso medio ambiente, sentimos o impulso de mirar con máis atención cara ao que temos máis preto. O deseño sitúase nun punto de encontro entre a produción e a comercialización, entre as influencias, o novo e o familiar. As consecuencias da industrialización lévannos a deternos e a reflexionar con máis coidado sobre por que e como producimos os obxectos que forman parte das nosas vidas.

Neste contexto, esta exposición explora como o contexto específico de Galicia foi unha fonte de inspiración para o traballo de David Chipperfield Design ao longo dos últimos 35 anos, ao tempo que mira cara ao futuro para pensar como podemos responder mellor ás cuestións e ao potencial de Galicia, ás súas tradicións, materiais, saberes e oportunidades.

Galicia conta cunha longa historia arredor do “facer”, das habilidades tradicionais baseadas na necesidade. Obxectos útiles feitos con habilidade, coidado e mesmo beleza: unha beleza derivada da honestidade, do propósito, do proceso e das habilidades materiais perfeccionadas ao longo do tempo. Segundo comprendemos mellor a intelixencia destes obxectos e as consecuencias dunha produción masiva irreflexiva se fan máis evidentes, volvemos a mirada cara aos materiais e ás tradicións locais non só como fonte de inspiración, senón como vías para un uso máis consciente dos recursos e para a protección do noso medio ambiente. Ao mesmo tempo, non deberíamos subestimar a contribución de empresas galegas innovadoras que traballan a escala global, apoiándose na enerxía e creatividade do talento local e fomentando o desenvolvemento de novas competencias e capacidades

A exposición mostra obxectos deseñados e producidos ao longo das últimas tres décadas. En si mesmos, documentan unha evolución na maneira de abordar a tecnoloxía e a materialidade. Con todo, desde os primeiros obxectos existiu o desexo de crear pezas axeitadas ao seu propósito e ao seu contexto. Como estudio, estamos cada vez máis interesados no potencial que existe en Galicia para conectar deseño e produción, recursos e innovación. Isto aliñase cun cambio global máis amplo nas nosas prioridades: entender o deseño como un proceso que non debe valorarse unicamente polo seu éxito no mercado, senón pola súa contribución á sociedade e ao medio ambiente.

Como moitos outros lugares, Galicia foi configurada polas maneiras de facer do pasado, e hoxe tamén loita por conservar esas tradicións e o seu significado no mundo contemporáneo. Os oficios poden converterse en restos anacrónicos doutro tempo e doutra forma de vida, pero non perderon a súa importancia. Lébrannos, e deixan en evidencia, a pobreza de moitas das cousas das que escollemos rodearnos hoxe. Con todo, Galicia segue valorando a procedencia dos seus produtos alimentarios e as súas tradicións.

Ao recoñecer a presión que exercemos sobre os recursos naturais –e o custo ambiental dos sistemas industrializados, altamente eficientes– vémonos obrigados a pensar con máis coidado como facemos as cousas. A suposta ineficiencia e o carácter intensivo en man de obra dos métodos de produción do pasado semellan agora moito máis sensatos en comparación. Ao liberarnos do esforzo máis duro, contribuímos tamén a unha crise ecolóxica. Que podemos, entón, aprender do pasado que resulte aplicable hoxe?

Unha lección clara é a importancia de obter os materiais a nivel local e o valor dos materiais naturais. Moitas economías tradicionais foron abandonadas pola presión da competencia global; porén, hoxe percibimos unha nova demanda dun enfoque distinto que podería sentar as bases de novas oportunidades.

Esta mesa pon de relevo materiais e oficios que aínda manteñen significado dentro da economía galega. Algúns, como o coiro, conservan unha longa e exitosa traxectoria; outros, como o liño, case desapareceron pola competencia internacional. Certas industrias lograron sobrevivir, aínda que non sen dificultades, mentres que materiais como o aluminio e o aceiro demostraron a súa capacidade para seguir sendo competitivos nun mercado global. Nun mundo en rápida transformación, o saber facer continúa a ser fundamental.

Sen dúbida, estes sectores poden volver constituír a base dunha cultura do produto renovada e resiliente, sustentada no saber facer, nas técnicas e nun deseño atento e reflexivo.

DESEÑAR PARA O LUGAR

Comezando coa casa de Corrubedo, a comezos dos anos 2000, o noso traballo estivo inevitablemente marcado por Galicia, a súa xeografía, o seu clima, a súa natureza e a súa historia, e pola depuración e a fisicidade directa das tradicións vernáculas.

Tras pasar moitos veráns na vila mariñeira, a casa xurdiu non só como un proxecto familiar, senón tamén como unha oportunidade para reflexionar sobre as prioridades e explorar unha maneira de vivir máis sinxela. As condicións propias dunha vivenda de vacacións permitiron formular preguntas con maior liberdade: que é esencial, que se pode reducir e como a arquitectura pode enmarcar unha vida guiada menos pola posesión e máis polo lugar.

A casa ocupa un oco estreito na rúa principal da vila, con vistas a unha enseada protexida. A situación extraordinaria permitiu que o proxecto aproveitase o que xa estaba alí: a relación co mar e cos edificios veciños. Celebrar o existente substitúe a necesidade de inventar, e permite máis ben crear algo novo a partir do propio contexto. O deseño da casa celebra tanto as ideas esenciais da vida cotiá como o privilexio natural do lugar.

DESEÑAR PARA SARGADELOS


A invitación a deseñar para Sargadelos permitíume continuar explorando o meu interese polas cuncas e pola cerámica cunha das empresas galegas máis representativas. Sargadelos ten a súa orixe a finais do século XVIII, cando xurdiu como unha das primeiras iniciativas industriais no país, primeiro como fundición de ferro e, a partir de 1806, como fábrica de louza. Tras o peche da fábrica en 1875, a restauración de Sargadelos no ano 1970 coa apertura da actual fábrica foi o proxecto máis importante de Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane a través do Laboratorio de Formas.

«Unos zuecos bien hechos, una mesa, una silla que sean útiles y tengan la gracia que nace del amor al oficio y del conocimiento, valen como un dibujo, un grabado o un poema y abren caminos para un pueblo, de grandes empresas de otros órdenes, y al progreso. (...) crear un bello objeto ayuda a mejorar el mundo. Por eso soñé siempre con crear millares y millares de objetos en Galicia, también cacharros, si tú quieres, que sirviesen para imprimirle un nuevo carácter a su pueblo y mejorar su vida. Era el programa del Laboratorio de Formas.»

Carta de Luis Seoane a Isaac Díaz Pardo
Bos Aires, 23 de xullo de 1965



Casa en Corrubedo, 1996–2002
Fotografía de Salva López



Colección Rede, 2022
Bocetos de David Chipperfield

DESEÑAR UN BAR

A renovación dun bar de vila que levaba máis de 30 anos pechado foi unha oportunidade para reflexionar sobre o familiar e o novo e sobre o papel do deseño nun contexto local a moi pequena escala. Mentres que deseñar un espazo deste tipo na cidade podería fomentar xestos de modernidade e novidade, aquí a esixencia era reforzar a idea tradicional de bar, non cuestionala. Como noutros lugares, o bar galego tradicional cumpre unha función social esencial para a comunidade. O reto foi crear un espazo reconfortante e acoledor, poñendo en valor as súas cualidades recoñecibles sen caer no pastiche.

No Bar do Porto puidemos considerar o funcionamento do bar no seu conxunto: os detalles do menú, a vaixela e os uniformes permitíronnos entender o deseño do interior non como unha simple decoración, senón como a representación da idea mesma de bar.

Cando era novo tiven a oportunidade de traballar co gran deseñador e arquitecto italiano Vico Magistretti na reforma dun restaurante italiano en Londres. Nunha das reunións, cando o cliente estaba desexando ver os deseños, Vico respondeu que non podía deseñar arredor dunha comida tan mala e que o traballo debía comezar aí, para despois abordar o servizo, a posta en mesa e, só ao final, o interior. Foi unha lección extraordinaria para un arquitecto novo.

DESEÑAR UNHA ATMOSFERA

As lámpadas Bar do Porto e Faro foron deseñadas pensando especificamente no proxecto do bar de Corrubedo. Deseñar un produto para un contexto preciso pode resultar a miúdo máis estimulante que deseñar para un uso xeral e para a venda comercial.

Mentres se deseñaba o bar, sentín que as luminarias podían contribuír ao carácter do espazo, non só pola calidade da luz senón tamén polo propio elemento. As pantallas esmaltadas en verde evocan a familiaridade das lámparas tradicionais e, xa que as mesas son fixas, cada unha podía contar coa súa propia luz. A posibilidade de subir ou baixar a luminaria introduce un pequeno xesto de atención cara ao cliente, permitindo adaptar as condicións de iluminación segundo as necesidades.

Faro xurdiu da necesidade dunha iluminación flexible para as mesas do exterior. Tiña que integrarse con naturalidade no contexto robusto da terraza dun bar de vila, mantendo ao mesmo tempo unha presenza discreta e funcional. Inspirada de maneira libre no pequeno faro do porto, a súa enxeñaría proporciona estabilidade e resistencia, dando como resultado un obxecto de elegancia silenciosa. Permite a cada cliente axustar a luz da súa mesa, ofrecendo unha forma sinxela de modular a atmosfera.



Bar do Porto en Corrubedo, 2020
Fotografía de Cecilia Díaz Betz



Bar do Porto en Corrubedo, 2020
Fotografía de Cecilia Díaz Betz

DESEÑAR CASA RIA

DESEÑAR A LUZ


A adopción do número 6 da rúa Virxe da Cerca como sede das actividades da Fundación RIA implicou redeseñar un edificio profundamente reformado nos anos noventa que perdera boa parte da súa identidade orixinal. A idea de Casa RIA como un espazo para a conversa e o encontro debía reflectirse no propio deseño dos interiores: unha casa, non unha institución. Para facer explícita esta idea, foi necesario salientar as calidades domésticas do edificio e evitar que se volvесе un espazo anónimo.

O proceso comezou por dar protagonismo á cociña e por converter os espazos públicos, como a sala de conferencias, en ambientes máis na liña dunha sala de estar. O uso de materiais familiares, o coidado nas novas intervencións, así como o deseño das particións, das mesas, da cociña e da iluminación, expresan unha idea de deseño asentada na calidade do cotián, do normal, do familiar, feito especial a través da atención ao detalle.

A exposición pon o foco sobre algúns dos elementos que foron deseñados especificamente para a casa ao longo do proceso. Xunto a eles preséntanse outros obxectos –como utensilios de cociña, pezas de cerámica e mobiliario– que son produtos comerciais independentes e que usan a diario en Casa RIA.

A iluminación desempeña un papel fundamental á hora de modelar como experimentamos o que nos rodea. A luz natural e a luz artificial son inseparables do deseño dos espazos. O espazo ten pouco significado sen luz do día e, aínda que a luz natural non pode ser substituída, a luz artificial pode compensar a súa ausencia, non só proporcionando iluminación, senón tamén creando unha atmosfera alternativa. A luz artificial é á vez un recurso e, inevitablemente, un obxecto. Boa parte do deseño de iluminación céntrase no obxecto que achega esa fonte. O obxecto luminoso desempeña outros papeis no deseño do espazo, xa sexa pola súa presenza ou por actuar de maneira discreta.

Nos últimos anos, a tecnoloxía da iluminación avanzou enormemente, ofrecendo un abano de posibilidades cada vez máis amplo. Con todo, a iluminación non é simplemente unha cuestión de rendemento ou eficiencia. Ten que ver tamén coa atmosfera, con traballar coa escuridade en lugar de eliminala. A luz e a sombra son compañeiras e, xuntas, dan forma, profundidade e matiz ao espazo. Ao longo de moitos anos deseñando edificios, non só especificamos a iluminación, senón que tamén desenvolvemos os nosos propios elementos cando foi necesario. Estas exploracións –técnicas, estéticas e experienciais– continúan a dar forma ao modo en que comprendemos e deseñamos coa luz.



Casa RIA, 2022–2024
Bocetos de David Chipperfield

Lámpada Virxe para Casa RIA, 2024
Fotografía de Simon Menges & Nino Tugushi

Temos demasiados obxectos e posesións. O dilema de quen diseña é que a maior parte de nós desexaría ter poucos obxectos ao seu redor, pero eses obxectos deberían ser significativos, útiles e necesarios. Deberían ser fiables e fermosos.


Paradoxalmente, a industria do deseño, incluíndo profesionais do deseño coma nós, continúa ofrecendo máis e máis opcións, e estas opcións sempre apuntan á idea intanxible de que este é o obxecto esencial.

No caso dos obxectos que se amosan aquí –a vaixela Tonale, a cafeteira Moka, as olas e tixolas Convivio–, cada un deles foi concibido, antes de nada, como un obxecto que eu quería ter na miña propia casa, na miña propia cociña.

Un dos exemplos máis cotiáns do deseño é o deseño gráfico. Está presente ao noso redor e axúdanos a orientarnos en todos os ámbitos da vida diaria. As imaxes e os textos, cando están coidadosamente pensados e elaborados, poden ter unha influencia moi poderosa.

Durante os últimos quince anos, a miña colaboración co deseñador John Morgan deu forma á identidade gráfica de David Chipperfield Architects e tamén a dous proxectos vinculados a Galicia, como son a Fundación RIA e o Bar do Porto.

Nos proxectos desenvolvidos en Galicia, esta colaboración viuse ademais enriquecida polo contexto local e pola forza da cultura visual galega, nun territorio cunha forte tradición de gráfica aplicada aos produtos de consumo. As industrias galegas ofreceron historicamente un terreo fértil para profesionais do deseño e a ilustración. Na mesa central pódese ver unha escolma de obxectos da historia da gráfica galega seleccionada por Marcos Dopico, Cibrán Rico e Suso Vázquez, comisarios da exposición A Galicia deseñada.



Colección Convivio, 2023
Boceto de David Chipperfield



Cartelería para «Common Ground», 2012
Deseño de John Morgan Studio



Entre febreiro e xuño de 2026, Casa RIA reflexiona sobre o deseño desde o traballo específico do estudio David Chipperfield Design ata unha consideración máis ampla do seu propósito e do seu papel social.

O deseño forma parte da nosa vida cotiá. Cada vez que facemos algo, deseñámolo. No mellor dos casos, este proceso está guiado polo coidado e a reflexión, dotando de significado e propósito aquilo que producimos.

O rótulo de Casa RIA dá comezo á nosa historia. Ao tomar como referencia os carteis tradicionais do centro histórico da cidade, recoñece a importancia do seu contexto, expresándoo ao mesmo tempo nunha forma contemporánea.

Rótulo para Casa RIA
Deseño de John Morgan Studio